

Identidade, nación e compromiso na poesía galega do novo século escrita por mulleres¹

María Xesús Nogueira Pereira

[Recibido, xaneiro 2011; aceptado, marzo 2011]

RESUMO O artigo analiza o tratamento do tema da identidade, a nación e o compromiso na poesía galega de autoría feminina escrita durante o que vai de novo milenio. Logo de facer algunhas consideracións necesarias sobre a encrucillada de estudos na que debe ser situada a análise da cuestión, establécese unha diferenza entre a produción das escritoras que iniciaron a súa actividade nos noventa e aquelas que o fixeron con posterioridade. O estudo identifica algunhas actitudes que se manifestan de maneira significativa neste período, como son a sensibilidade ecolóxica, a deslocalización dos conflitos e a denuncia mediante a parodia.

PALABRAS CHAVE: identidade, literatura e xénero, poesía galega contemporánea, poesía social.

ABSTRACT This paper analyses the treatment conferred on the concept of identity, nation and compromise within Galician women poetry in the new millennium. After having settled some necessary considerations on the crossroads of studies wherein the analysis of the question must be located, a difference is established between the production of those women writers who initiated their activity during the 1990s and those who did it later on. This study identifies certain attitudes which have become apparent in a significative way during this period, such as ecological sensitivity, conflict relocation and report throughout parody.

KEYWORDS: contemporary Galician poetry, gender and literature, identity, social poetry.

Abordar a cuestión da identidade e a nación na poesía galega actual escrita por mulleres supón recoller o testemuño duns estudos iniciados fundamentalmente, aínda que non só, dende o xénero hai xa algúns anos. A visión que se

¹ Este traballo enmárcase no proxecto de investigación *Nosotros/-as y ellos/-as: discursos de las escritoras irlandesas y gallegas sobre extranjería*, dirixido pola Dra. Manuela Palacios González e financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación (FFI2009-08475/FILO).

poida ofrecer é, polo tanto, debedora das análises previas efectuadas sobre o corpus da chamada *poesía dos noventa*, que demostraron a estreita relación existente entre xénero e nación nunha boa parte das obras. O propósito deste traballo non é outro que analizar a produción poética do novo século na procura de reafirmacións ou mudanzas no tratamento da cuestión.

Ante a amplitude do tema, limitareime a ofrecer un encadramento que permita a identificación dalgunhas tendencias que me parecen significativas, consciente en todo momento dos perigos que supón o feito de levar a cabo análises que carezan dunha maior perspectiva temporal, así como da necesidade de volver sobre el en achegas futuras.

O encadre

A análise do tratamento da identidade nacional nas escritoras actuais debe situarse polo tanto nun marco delimitado por, cando menos, tres ámbitos de estudo:

- 1 O xénero
- 2 As poéticas sociais
- 3 A cuestión periodolóxica

Os tres foron explorados, con desigual intensidade, nas análises da poesía recente realizadas nas últimas décadas. As súas contribucións resultan xa que logo imprescindíbeis para unha aproximación á cuestión que nos ocupa.

Os estudos de xénero

Como é sabido, no que á literatura galega se refire, as achegas dende o xénero víñanse desenvolvendo dende finais da década dos oitenta. No entanto, foi nos anos noventa cando centraron unha boa parte do seu interese na poesía, tentando dar resposta ao fenómeno que se viña denominando *eclosión de voces femininas*. O estudo das poéticas de xénero dos noventa non pasou por alto o tratamento da cuestión nacional en canto identidade colectiva levado a cabo por estas escritoras. Nel reparou Helena González nas achegas recollidas nun volume cuxo título resulta revelador: *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras*,

xénero e nación (2005). A imaxe do *paraugas totalizador* (*totalizing umbrella*), que a estudosa toma de Radhakrishnan², serviulle para salientar a priorización na literatura galega escrita por mulleres do discurso nacionalista sobre outros considerados subalternos –entre os que figura o do feminismo–, de xeito que se acaba impondo “unha visión xerarquizada e atomizada, e anteponse a defensa do discurso nacional, tido por común, como obxectivo prioritario fronte aos intereses dos colectivos diferenciados que o integran” (González, 2005: 42).

González identifica ademais unha *identidade oximorónica* –retomando o concepto proposto por Geraldine Nichols– para se referir á contradición entre a nación e o xénero que as autoras se viron obrigadas a resolver, e lembra, a este respecto, o contundente poema “Enfoque teórico”, de Lupe Gómez (1995: 11), que semella corroborar tales hipóteses:

A muller é
un cristal
atravesado
por unha patria

As achegas de González conforman un paradigma metodolóxico que, con algúns matices, segue a ter vixencia para o exame da produción actual.

O estudo das poéticas sociais

Tanto a identidade e a nación como a idea de compromiso son cuestións que deben ser tamén abordadas dende a óptica das poéticas sociais. Neste senso, adóitase insistir no abandono das preocupacións cívicas na literatura ao longo dos anos oitenta, considerando este feito como un trazo diferencial que as máis das veces é empregado a xeito de baliza xeracional. A tal afirmación, que merecería ser convenientemente matizada³, acostúmase a contrapor o xurdi-

² Aínda que a proposta foi formulada, na súa orixe, para o estudo da xerarquización de discursos nun contexto poscolonial, González (2005: 20) entende que “axuda a explicar as condicións nas que se desenvolve a literatura de muller recente como conformadora dun discurso literario nacional e xenérico”.

³ Aínda que é certo que a estética dominante dos anos oitenta se caracterizou polo culturalismo e a volta aos grandes temas da literatura universal (o amor, a morte ou o paso do tempo), non se deben obviar as preocupacións sociais reflectidas nos versos de Manuel Rivas, Xosé María Álvarez Cáccamo ou Alfonso Pexegueiro.

mento de novos discursos sociais na década dos noventa, con voces como as Chus Pato, Pilar Beiro, Fran Alonso ou Igor LUGRÍS, afastadas substancialmente dos vellos modelos socialrealistas que foran tan rexeitados no período anterior.

Non son moitos os traballos que se ocuparon da poesía social máis recente. Aínda así, algúns estudos específicos afondaron na cuestión da *representación nacional* nos anos noventa e identificaron dúas tendencias. A este respecto, Cochón (1998: 729) explica como:

mentres unha perpetúa a presentación discursiva do problema galego dende unha estética de resistencia non sempre actualizada, outra ensaia a disolución crítica das representacións e as concepcións culturais que alentaban boa parte da nosa organización.

Especialmente valiosa resultará, como se ha ver, a segunda das tendencias identificadas por Cochón para a cuestión que nos ocupa.

110

O interese que suscita na actualidade a representación da cuestión nacional maniféstase na súa presenza como tema de debate en diversos foros. É o caso da mesa redonda que tivo lugar en outono de 2008 no Pazo de Mariñán, no marco do encontro *Escritores Novos/as*, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que levaba por título precisamente “Literatura, sociedade e nación”. Resulta curioso comprobar a coincidencia de dous dos relatores á hora de botar man dunha metáfora téxtil para presentar as súas intervencións. María Reimóndez escolle o título “Okupar o traxe de galega” para recordar a dimensión social da literatura e a idea de *ocupación de espazos* aprendida dos feminismos de transformación, de xeito que: “no canto de aceptar o traxe que pretenden impoñernos, dende a literatura buscamos redefinir ese tecido e adaptalo ás nosas curvas ou ausencia delas” (Reimóndez, 2005: 99).

Pola súa banda, Carlos Negro procura o rótulo “A roupa no tendal da casa (ou como divagar sobre literatura galega en relación ao clásico tema do compromiso ético e a súa relación co nacionalismo político)” para reflexionar sobre a súa función en canto escritor, expoñendo “cavilacións como quen pendura a roupa no tendal da casa, á vista da veciñanza” (Negro, 2005: 85). Máis alá da coincidencia na escolla do referente da imaxe, resulta interesante deterse na tipoloxía de motivacións autorais identificadas por Negro na súa reflexión:

- Unha motivación redentora: fronte a unha concepción individualista da creación literaria, algúns sectores intelectuais da órbita do nacionalismo galego teiman en manter a literatura ao servizo dun proxecto colectivo de construción política [...].
- Unha motivación lúdica: outros contemporáneos, simplemente, coidan que a literatura vén sendo un oficio de xuntar palabras na orde correcta, e que abonda con ofrecer certas doses de entretemento a un público lector mediante fórmulas estéticas que entran neste amplo caixón denominado literatura de xénero [...].
- Unha motivación subversiva: [...] elementos heterodoxos que se resisten a calquera catalogación ideolóxica ou estética, individuos que só se senten libres indo á contra, rompendo expectativas, abrindo fendas no sistema literario, practicando a difícil arte da provocación intelixente, contra todo e case todos.
- Unha motivación pedagóxica: moi vinculada co ámbito educativo e institucional [...]; sería unha literatura onde predominan os valores éticos sobre os estéticos, de carácter funcional e funcionarial, moi condicionada polos intereses pedagóxicos e por certos valores vinculados á defensa dos dereitos humanos (Negro, 2005: 89-90).

Algunhas das categorías identificadas polo escritor, como a *redentora* ou a *subversiva*, resultan válidas, cos debidos matices, para explicar as principais formulacións identitarias e políticas na poesía actual, así como para achegar luz a unha cuestión, a das estéticas sociais, que, agás casos illados, non foi polo de agora abordada co debido rigor.

III

A cuestión periodolóxica

Na delimitación do tema que se está a abordar é necesario finalmente facer unha aclaración relativa á referencia cronolóxica presente no título deste traballo, o *novo milenio*, unha expresión que emprego non como categoría periodolóxica senón co único obxectivo de acoutar a franxa estudada. Isto non quere dicir, no entanto, que a estas alturas non sexa necesaria unha revisión da cronoloxía recente da literatura galega que supere a segmentación por décadas. A propia denominación *poesía dos noventa*, abondo asentada na crítica galega, non resulta operativa fóra de usos restrinxidos e concretos.

Curiosamente, algunhas propostas que pretenden cartografar a literatura recente e, en especial, a poesía semellan ter bastante que ver coa idea de nación, identidade e compromiso. Neste senso, a historia das manifestacións

culturais galegas non pode obviar un acontecemento vertebrador, malia o seu carácter esóxeno, como foi a catástrofe ecolóxica ocasionada tras o afundimento do *Prestige*, en 2002. O infortunio e, sobre todo, a xestión da crise deron lugar a unha reacción dos axentes culturais sen precedentes. No que á produción poética se refire, cómpre lembrar os tres volumes de intervención publicados no ano 2003, nos que colaboraron a práctica totalidade das escritoras e escritores activos no momento: *Alma de beiramar* (Asociación de Escritores en Lingua Galega e A Nosa Terra), *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (Federación de Libreiros de Galicia) e *Sempre mar* (colectivo Burla Negra). Ás mobilizacións xurdidas a raíz da catástrofe do *Prestige* tiveron a súa continuidade, apenas un ano máis tarde, nas protestas pola invasión de Iraq, que volveron mover a sociedade civil e o mundo da cultura. Dese 2003 é tamén o volume *Xuro que non volverei pasar fame*, do Colectivo Redes Escarlata, no que participaron, entre outras moitas voces, as das escritoras Chus Pato, Asun Arias, Pilar Beiro, Carme Carballo, Oriana Méndez e Luz Fandiño. Cumpriría ter en conta estas obras, xunto con outras de diferente índole e desigual repercusión, nunha historia dos libros colectivos de intervención na literatura galega, que aínda está por escribir. Dela habíanse extraer datos ben interesantes para o estudo da cuestión do *compromiso*, así como das poéticas sociais.

Volvendo á cuestión periodolóxica, non estaría de máis apuntar a posibilidade de incluír o ano 2002 na cronoloxía da poesía galega. Así o fixo, cunha boa dose de crítica, Marta Dacosta (2005: 121) nun comentario que encabeza un texto no que fai un achegamento á súa xeración: "... entre dúas catástrofes, a do Casón e a do *Prestige*: nace e medra toda unha xeración literaria..."

Unha percepción semellante ten Yolanda Castaño no referido á importancia das mobilizacións sociais na cohesión *xeracional* dos poetas dos noventa, interesante tamén no que se refire á valoración que fai das estéticas sociais:

Unidos na ética das súas actuacións pero tamén mesmo na dos seus contidos temáticos: aos contidos eternos da poesía (amor, tempo, sensualismo, temáticas existenciais...), xa desenvolvidos pola xeración anterior, incorpórase agora esa pequena recuperación do social –lxicamente máis en consonancia co momento: insubmisión, ecoloxismo, apoio a causa políticas afíns. Unidos na ética dos movementos contra a guerra e Nunca Máis, pero independentes e solitarios no íntimo proceso creativo, cunha ambiciosa aposta persoal, arriscando (Castaño, 2005: 115).

Algunhas das reflexións acerca da periodización e da adscrición xeracional levadas a cabo por escritores e escritoras das últimas promocións conceden unha especial importancia ás actitudes de compromiso social como elemento cohesionador máis alá das súas estéticas.

As representacións

Á hora de ofrecer un panorama no que se mostren algunhas das representacións da nación e da identidade na poesía escrita dende o xénero no novo milenio, e a pesar das reservas sobre a delimitación cronolóxica que se acaban de expoñer, resulta operativo facer unha diferenciación entre as autoras que continuaron a desenvolver neste período unha traxectoria poética iniciada nos noventa, e aquelas voces novas que se incorporaron nos anos posteriores. A análise, condicionada polas limitacións dun traballo coma este, centrarase nalgunhas escritoras relevantes no referido á formulación destas cuestións.

A continuidade das poéticas dos noventa

113

Unha das voces máis innovadoras no tratamento do binomio nación-xénero é a de Chus Pato. No treito que levamos percorrido do novo milenio desenvolveu unha fértil actividade poética iniciada con *m-talá* (2000) e seguida con *Charenton* (2004), *Hordas de escritura* (2008) e *Secesión* (2009). A autora profundou nestes poemarios na representación dunha nación sometida historicamente, privada da súa soberanía e ameazada na súa lingua. Na práctica interxenérica –ou, se se quer, transxenérica– que caracteriza toda a súa obra bota man de longas formulacións teóricas nas que aborda con contundencia a cuestión da nación e a identidade:

o nacionalismo é unha cuestión de identidade, rúbancha a identidade porque esa identidade xa non pode ser, e logo sofres toda a vida polo roubo [...]. A reconstrucción desa identidade, a súa imposible reconstrucción, son a historia da nación, a historia do poema⁴ (Pato, 2000: 48).

⁴ “Unha nación é un conxunto múltiple de orixes, un conxunto múltiple de tensións e de harmonías que se comparten. [...] Nacer, ter orixe, ser nacido. [...] A nación é unha estética, unha decisión estética. (a resposta da nación nunca está escrita; ningunha elite, nin sequera unha elite ilustrada, pode prevela; os pobos, as nacións, son soberanas)” (Cfr. Pato, 2009: 73).

O discurso sobre a nación-identidade usurpada contextualízase ademais nunha constante denuncia da alienación derivada da historia e da propia evolución do sistema económico capitalista, cuxa repercusión se percibe nas transformacións dos modos de explotación de noso e na propia lingua, representada como unha identidade perdida e en conflito:

extirpan o galego de nós

mesmo se a vida ten que ser arrincada no proceso
[...]
escribir nunha lingua que na nenez nos foi negada
escribir nunha lingua que escoitamos roubada

(Pato, 1996: 59-62).

A poesía política de Chus Pato deslocalízase nalgunhas das composicións dos seus últimos libros para se desprazar a outras realidades nacionais marcadas sempre polo conflito, como acontece cos escenarios da barbarie nazi, nunha actitude que, como se verá, non resulta infrecuente nas autoras que se incorporaron á tradición poética no novo milenio.

114

Un caso singular no tratamento no que a poesía *engagée* se refire é o de María Xosé Queizán. A escritora, que construíra ao longo da primeira metade da década dos noventa unha poética feminista programática cos títulos *Metáfora da metáfora* (1991), *Despertar das amantes* (1993) e *Fóra de min* (1995), publica en 2007 *Cólera*, un poemario no que renuncia á voz feminina para abordar o tema da nación, neste caso dende unha óptica retrospectiva centrada nos anos sesenta e setenta do pasado século. Trátase, en palabras da autora, dun “poemario de lembranza e recoñecemento aos impulsores da conciencia política galega e provocadores da transición do fascismo á democracia” (Queizán, 2007: 8).

María Xosé Queizán xustifica a súa renuncia ao xénero feminino na enunciación apelando ao realismo, cando explica que

non podería escribirse este mesmo libro desde a posición das poucas mulleres organizadas daquela en partidos e sindicatos [...]. Teño moi claro que este poemario [...] non sería o mesmo escrito desde a conciencia feminista. Tería que chamarse *Cóleras*, porque as mulleres sentíamos unha dupla indignación porque padecíamos unha dobre opresión (*ibidem*).

Semellante renuncia non só mostra a invisibilidade da muller na militancia política daqueles anos, senón que evidencia tamén as dimensións do conflito oximorónico xénero-nación vivido polas poetas galegas.

Algunhas das representacións identitarias levadas a cabo na poesía galega do novo milenio seguen tomando como principal referente o mundo rural. Unha das autoras que abordou este universo dunha maneira máis recorrente foi Lupe Gómez, tanto en *Pornografía* (1995), o seu primeiro e sorprendente libro, como en obras posteriores, nas que elaborou representacións alegóricas de Galicia, como a que se pode ler en *O útero dos cabalos* (2005):

A alegría da
nación. Esta nación
morta. Este parque
fermoso, triste,
sen nenos.
Farei unha casa
para min
no interior
dunha montaña.
A nación verde
dos soños

(Gómez, 2005: 52-53).

A *nación morta* concibida como un *parque triste* e *sen nenos* é o espazo que Lupe Gómez escolle para situar o símbolo da casa. A visión crítica da nación plasmada pola autora recorre nalgunha ocasión á representación da *usurpación* xa comentada. Así acontece nos seguintes versos de *Azul e estranxeira* (2005):

Pintei bandeiras decorando os
ollos.
As bandeiras dun
nacionalismo de patrias
roubadas

(Gómez, 2005: 28).

De natureza diferente son algunhas das actitudes mostradas por María do Cebreiro na poesía, publicada na súa maioría no novo século, no que atinxe á

representación da identidade nacional. Unha delas consiste na deconstrución paródica dalgunhas iconas do discurso nacionalista. Así acontece no título do seu segundo libro, *Nós as inadaptadas* (2002), que dialoga de xeito explícito, e dende a reescritura feminina, cun dos ensaios fundacionais do nacionalismo galego como é “Nós, os inadaptados” (1933), de Vicente Risco. Un diálogo igualmente paródico observámolo no verso “por terras libradas”, de *Cuarto de outono* (2008a), que fai unha chiscadela á desiderata formulada por Uxío Novoneyra: “Irei un día do Courel a Compostela por terras liberadas?”⁵. Nos dous casos está a practicar unha intertextualidade paródica que non resulta infrecuente no conxunto da súa produción e que, referida ao concepto de nación, supón un importante exercicio de desidealización que habería que relacionar coa “disolución crítica das representacións e as concepcións culturais” indicada por Cochón, á que se fixo referencia máis arriba.

Outra actitude practicada pola autora nos seus últimos libros consiste na disolución do concepto de nación mediante a multiplicación de lugares –ou mellor, de non-lugares– e a tematización da estranxeiría. O título do poemario *Non son de aquí* (2008b), ao que pertencen os fragmentos reproducidos, resulta revelador⁶, como tamén o son os seguintes versos:

116

pero eu non son
de aquí,
non teño descendencia,
non quero máis orixe
que esta ponte
até que nos sosteña

As novas voces do milenio

No que respecta ás voces poéticas que comezaron a publicar no novo milenio, chama a atención a ausencia de formulacións explícitas do tema da nación, cando menos en termos políticos. O binomio nación-xénero está, en xeral, ausente da obra de Berta Dávila, de Valentina Carro, de Rosa Enríquez, de Olalla Cociña ou de Iolanda Zúñiga, por citarmos tan só algúns nomes. A

⁵ Sobre a intertextualidade paródica na poesía dos noventa *vid.* Nogueira (2006).

⁶ Cfr.: “Do estranxeiro dixemos / que non era un país. / Lonxe de todas partes, / como medir a idade / das nacións?” (María do Cebreiro, 2008b: 39).

representación da identidade segue aparecendo vinculada, na obra dalgunha destas autoras, ao mundo rural e ás xenealoxías femininas que as precederon. Así acontece en *Libro de Alicia* (2008), de Olalla Cociña, ou en *Pouso do fume* (2009), de Dores Tembrás. A dedicatoria deste último libro resulta abondo ilustrativa:

á miña xenealoxía
dende Cándida perpetuadora do lume e as palabras
ata Romeu herdeiro do teu segredo
a ti

Desta tendencia xeneralizada afástanse no entanto autoras como Pilar Beiro ou Oriana Méndez, que codificaron discursos que non obvian a cuestión nacional. Pilar Beiro, que publicou o seu primeiro libro, *Hinterland*, nos bordos do milenio (decembro de 1999) elabora un discurso crítico e as máis veces paródico sobre a nación⁷, como o que a seguir se reproduce, onde bota man dun aparente ton didáctico para expoñer unha visión lúdico-museística que non estaría de máis relacionar co *parque triste e sen nenos* de Lupe Gómez:

Mirade, nenos,
este museo é o pobo voso
–que pronunciado é como unha enchenta–
de marisco
amenizado cun viño español

de empanada cativa
amenizada cunha carballeira

(Beiro, 1999: 64).

No seu segundo libro, *Bingo* (2007), volve facer uso da parodia á hora de abordar, dende un punto de vista político, a nación:

Un pobo así conforme este nace, unha pulp-fiction
imprevisible e maleable, un avance científico,
un outro estrato no mundo, sen pasado perdido nos fondais desventurados
sen futuro glorioso (militar)

⁷ Cfr.: “Teño un país como se ten un animal / un inventario de voces perdidas” (Beiro, 1999: 14).

É dicir, non nos define a traxedia, a crebadura dunha xenealoxía, senón a onda expansiva, incandescente, que contigo vai
(INSTINTO-CONDICIÓN-DILEMA)
Lexitimidade=Soberanía

(Beiro, 2007: 51).

Pola súa banda, Oriana Méndez, no seu até o de agora único libro, *As derradeiras conversas do Capitán Kraft* (2007), introdúcese no terreo da ficción política, localizando as súas composicións en coordenadas espazo-temporais insólitas na poesía galega: a Batalla de Alxer, Gaza, Etiopía. No entanto, o seu verso político atende tamén nalgunha ocasión á nación propia en termos abondo críticos: “Ao falarmos de alfabetización en Galicia / nós tamén estabamos dalgún xeito mortos” (Méndez, 2007: 15).

A ausencia de representacións da identidade e, sobre todo, da nación na poesía escrita no que levamos andado do novo milenio non implica que nesta non quedase plasmado de xeito explícito o compromiso social. O antimilitarismo, a defensa do medio natural, a solidariedade con suxeitos femininos como as mulleres lapidadas, as traballadoras explotadas e as habitantes de Chihuahua, ou a violencia de xénero están presentes na obra da maior parte das autoras ás que me estou a referir.

As novas voces semellan polo tanto atraídas pola incorporación de discursos sociais sobre causas diversas –aquelas ás que se refería máis arriba Yolanda Castaño–, así como pola solidariedade con conflitos localizados na nosa contorna ou en lugares afastados. A deslocalización, xunto coa deconstrución e a parodia, resultantes ambas da *motivación subversiva* á que se refería Carlos Negro, son as principais novidades detectadas na poesía deste período.

Por outra banda, é preciso destacar como un destes discursos serviu, en gran medida, para canalizar unha boa parte das (re)escrituras da nación emprendidas dende o xénero. Refírome á denuncia ecolóxica, presente en versos de Mariña Pérez Rei ou Elvira Riveiro, e tamén de autoras que continuaron a súa traxectoria iniciada nos noventa, como María Lado, Olga Novo, Chus Pato ou María do Cebreiro. Cumpriría relacionar esta actitude coas consideracións feitas anteriormente acerca da *poesía do Prestige*, e salientar como esta poética transcendeu os volumes colectivos publicados no seu momento e segue a ser aínda hoxe un modelo produtivo.

Se Carlos Negro e María Reimóndez evocaban, para se referir ao tema da nación, as imaxes da *roupa no tendal* e do *traxe de galega*, á hora de ilustrar o tratamento destas cuestións por parte das novas voces ben se podería botar man da imaxe da *camiseta* en canto peza exterior e interior asemade –isto é, explícita e implícita–, que serve ademais a miúdo de soporte para imaxes diversas. De botarmos un ollo a algúns dos deseños de produción galega aparecidos nestas prendas nos últimos anos, resultará doado atopar mensaxes sociais con contidos sobre a identidade a ecoloxía ou a nación, que recorren tamén por veces á deconstrución e á parodia⁸.

Máis alá da frivolidade, coa imaxe da camiseta ou, máis xenericamente, da impresión de mensaxes identitarias, políticas e paródicas en pezas do vestiario cotián, preténdese ilustrar como o tema da nación é repensado no novo milenio xa non –ou xa non unicamente– dende a esencia e dende a teorización política, senón dende a denuncia do conflito, especialmente daqueles conflitos derivados da falla de soberanía e da xestión das catástrofes ecolóxicas. O discurso sobre a nación formúlase ademais, en numerosas ocasións, dende un distanciamento paródico que permite ironizar sobre os propios referentes identitarios.

119

María Xesús Nogueira Pereira
Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía

Beiro, Pilar. 1999. *Hinterland*. Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

— 2007. *Bingo*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Castaño, Yolanda. 2005. “Éticas e estéticas dos 90”, en *Entre dous séculos. III Encontro de Novos Escritores/as*. S. l.: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 114-117.

Cochón, Iris. 1998. “Dicción, contradición e nación: a incorporación do mundo no discurso poético último”, en *Grial*, n° 149, pp. 717-730.

⁸ É o caso de lendas como “Somos unha ración”, “Galicia O país das marabillas”, “Dolce & galego”, “A Santa Companha. The Real Spirit of Galiza”, etc.

- Dacosta, Marta. 2005. “A Xeración do Dragón das Letras. A literatura galega ante o século XXI”, en *Entre dous séculos. III Encontro de Novos Escritores/as*. S. l.: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 121-127.
- Gómez, Lupe. 1995. *Pornografía*. Santiago de Compostela: Edición da autora.
- 2005. *Azul e estranxeira*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- 2005. *O útero dos cabalos*. A Coruña: Espiral Maior.
- González, Helena. 2005. *Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- María do Cebreiro. 2008a. *Cuarto de outono*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- 2008b. *Non son de aquí*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Méndez, Oriana. 2007. *As derradeiras conversas do Capitán Kraft*. Vigo: Galaxia.
- Negro, Carlos. 2005. “A roupa no tendal da casa (ou de como divagar sobre a literatura galega en relación ao clásico tema do compromiso ético e a súa relación co nacionalismo político)”, en *Entre dous séculos. III Encontro de Novos Escritores/as*. S. l.: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 85-91.
- Nogueira, María Xesús. 2006. “De vangardas e Penélopes: a intertextualidade na poesía dos noventa”, en *Madrygal*, nº 9, pp. 93-102.
- Pato, Chus. 1996. *Nínive*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2000. *m-talá*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2009. *Secesión*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Queizán, María Xosé. 2007. *Cólera*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Reimóndez, María. 2005. “Okupar o traxe de galega”, en *Entre dous séculos. III Encontro de Novos Escritores/as*. S. l.: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 93-101.
- Tembrás, Dores. 2009. *O pouso do fume*. A Coruña: Espiral Maior.